

Primeira proba

PROBA DE AVALIACIÓN DE COÑECEMENTOS

Proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da
Policía Local de Galicia escala básica categoría de policía

**NON abra o exame ata que o tribunal llo
indique**

1.- Que valores superiores propugna a Constitución Española de 1978, segundo o artigo 1?:

- A. Liberdade, igualdade, unidade e soberanía
- B. Xustiza, igualdade, fraternidade e liberdade
- C. Liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político
- D. Unidade, pluralismo, xustiza e soberanía

2.- De acordo co establecido no artigo 2 da Constitución Española de 1978, que recoñece e garante a Constitución?:

- A. A independencia xudicial
- B. O dereito á autodeterminación
- C. O dereito á autonomía de nacionalidades e rexións
- D. A supremacía dunha lingua sobre outras

3.- Cal é a forma política do Estado español segundo o artigo 1.3 da Constitución Española de 1978?:

- A. República federal
- B. Monarquía absoluta
- C. Monarquía parlamentaria
- D. Estado laico

4.- De acordo co establecido no artigo 15 da Constitución Española de 1978, o dereito á vida e á integridade física implica:

- A. Só protección contra a tortura
- B. Dereito á vida, integridade física e moral, abolición da pena de morte
- C. Dereito só á integridade física
- D. Protección exclusiva en tempo de guerra

5.- Que establece o artigo 16 da Constitución Española de 1978 en relación coa liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto?:

- A. A liberdade relixiosa está restrinxida só ás igrexas cristiás.
- B. A liberdade relixiosa está garantida só aos cidadáns españois.
- C. A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto está garantida para todas as persoas, sen discriminación algunha.
- D. A liberdade relixiosa límtase ás tradicións nacionais.

6.- Segundo o artigo 18.2 da Constitución Española de 1978, que garante a inviolabilidade do domicilio?:

- A. O dereito para entrar libremente no domicilio doutra persoa sen xustificación.
- B. A posibilidade de que a policía rexistre un domicilio sen autorización xudicial en casos urxentes.
- C. A inviolabilidade do domicilio, é dicir, ninguén pode entrar nel sen o consentimento do titular, salvo en caso de flagrante delito ou con autorización xudicial.
- D. A intervención sen control xudicial en todos os domicilios dos cidadáns.

7.- Que requisito esíxese para reunións en lugares de tránsito público segundo o artigo 21 da Constitución Española de 1978?:

- A. Permiso xudicial
- B. Autorización previa gubernativa
- C. Comunicación previa á autoridade
- D. Aprobación municipal

8.- Quen goza do dereito de sufraxio activo e pasivo segundo a Constitución Española de 1978?:

- A. Todos os residentes
- B. Só estranxeiros en eleccións parlamentarias
- C. Só españois, excepto reciprocidade en eleccións municipais
- D. Cidadáns da Unión Europea exclusivamente

9.- En que artigo da Constitución Española de 1978 régúlese o deber de defender a España:

- A. 28
- B. 30
- C. 33
- D. 35

10.- En que artigo da Constitución Española de 1978 régúlese o principio de igualdade e progresividade fiscal:

- A. 31
- B. 32
- C. 37
- D. 41

11.- Seguindo o establecido na Constitución Española de 1978, no seu artigo 39, que asegurarán os poderes públicos?:

- A. Os poderes comunitarios aseguran a protección económica e xurídica da familia.
- B. Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.
- C. Os poderes públicos aseguran a protección social pero non a situación económica ou xurídica.
- D. Todas as respostas son correctas.

12.- De acordo con o establecido no artigo 56 da Constitución Española de 1978, o Xefe do Estado é:

- A. O Presidente do Goberno
- B. O Congreso
- C. O Rey
- D. O Senado

13.- De acordo con o establecido no artigo 57 da Constitución Española, quen proverá á sucesión na Coroa na forma que máis conveña aos intereses de España cando estean extinguidas todas as liñas chamadas en Dereito?:

- A. O Presidente do Goberno.

- B. O Senado
- C. O Congreso dos Deputados
- D. As Cortes Xerais

14.- O artigo 124 da Constitución española sinala que o Fiscal Xeral do Estado:

- A. Será nomeado polo Rei, a proposta do Goberno, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial
- B. Será nomeado polo Rei, a proposta do Presidente do Goberno, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial
- C. Será nomeado polo Rei, a proposta das Cortes Xerais, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial
- D. Será nomeado polo Rei, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, oído ao Congreso dos Deputados

15.- O artigo 117 da Constitución española, di que a xustiza:

- A. Emana do pobo e se administra no nome do Rei por fiscais, xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei
- B. Emana do pobo e se administra no seu nome por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei
- C. Emana do pobo e se administra no nome do Rei por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei ~~e do Goberno~~
- D. Emana do pobo e se administra no nome do Rei por xuíces e maxistrados integrantes do poder xudicial xunto cos fiscais, independentes, invariables, responsables e sometidos unicamente ao imperio da Lei.

16.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 14 indica que corresponde a Comunidade Autónoma regular mediante Lei a institución do Valedor/a do Pobo, ¿cal e Lei que á regula?

- A. Lei 6/1984, do 5 de xuño
- B. Lei 5/1986, do 6 de xuño
- C. Lei 6/1990, do 8 de xaneiro
- D. Lei 3/1990, do 30 de maio

17.- Cal é o período de tempo polo cal é elixido/a a persoa valedora do Pobo de Galicia, segundo indica o artigo 2 da súa Lei reguladora:

- A. 9 anos
- B. 5 anos
- C. 3 anos
- D. 2 anos

18.- O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia non establece como unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma:

- A. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común
- B. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda
- C. Organización das súas institucións de autogoberno
- D. Salvamento marítimo

19.- O artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala que lle corresponde á Comunidade Autónoma en materia de sanidade interior:

- A. Competencia exclusiva
- B. Competencia na transposición da lexislación estatal
- C. Competencia plena
- D. Desenvolvemento normativo e execución da lexislación básica

20.- Corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o indicado no artigo 29 do seu Estatuto de Autonomía, a execución da lexislación de Estado:

- A. Fomento e planificación da actividade económica de Galicia
- B. Sector público económico de Galicia
- C. Institucións de crédito corporativo
- D. Propiedade industrial

21.- O artigo 47.2 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común, indica que as disposicións administrativas que contradín normas de rango superior, son:

- A. Nulas de pleno dereito
- B. Anulables previa solicitude da persoa interesada
- C. Emendables pola administración
- D. Válidas se os efectos son favorables

22.- ¿Que artigo da Constitución española garante o principio de xerarquía normativa?:

- A. Artigo 9
- B. Artigo 8
- C. Artigo 14
- D. Artigo 1.1

23.- ¿Cal é o prazo máximo que non pode excederse no que debe notificarse a resolución expresa, sempre e cando unha norma con rango de Lei non estableza un superior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea, segundo o artigo 21.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común?:

- A. 3 meses
- B. 1 mes
- C. 6 meses
- D. Un ano

24.- Segundo o artigo 48 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, cal dos seguintes actos non é nulo senón anulable:

- A. Os actos que teñan contido imposible
- B. Os actos ditados por unha administración que incorran nunha infracción do ordenamento xurídico que consista na desviación de poder
- C. Os actos expresos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición
- D. Os actos que sexan ditados por un órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio

**1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO
UNITARIO ESCALA BÁSICA DE POLICÍA LOCAL
(DOGA 125, DO 02 DE XULIO DE 2025)**

25.- Os interesados no procedemento administrativo, están regulados:

- A. No Título I da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común
- B. No Título II da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común
- C. No Título III da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común
- D. No Título preliminar da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo

Común

26.- O artigo 6.6 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común establece que a validez máxima dos poderes inscritos no rexistro é de:

- A. 1 ano
- B. 3 anos
- C. 5 anos
- D. 12 anos

27.- Os interesados poderán identificarse electrónicamente ante as Administracións Públicas segundo o artigo 9.2 da lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común, a través:

A. Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “listaxe de confianza de prestadores de servizos de certificación”

B. Sistemas baseados en certificados administrativos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “listaxe de confianza de prestadores de servizos de certificación”

C. Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “listaxe de confianza de prestadores de servizos de autenticación”

D. Sistemas baseados en certificados administrativos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “listaxe de confianza de prestadores de servizos de autenticación”

28.- A Constitución Española de 1978 establece que “os municipios gozarán de personalidade xurídica plena”, en que artigo?

A. Os municipios gozan de personalidade xurídica plena, artigo 141.

B. Artigo 137 da Constitución.

C. A Constitución Española fai referencia á personalidade xurídica dos municipios no artigo 142.

D. Artigo 140 da Constitución.

29.- A Constitución Española de 1978 no seu artigo 137, establece que:

A. Os españois teñen os dereitos que se regulan nos Estatutos de cada unha das Comunidades Autónomas.

B. As autoridades poderán establecer as medidas que afecten directamente á liberdade de circulación.

C. O Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan.

D. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.

30.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, define o Municipio como:

A. Entidade territorial básica da organización do Estado con potestade lexislativa e executiva, no seu artigo 1.

B. Os Municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado, no seu artigo 1.

C. Entidade coa mesma e idéntica autonomía que a Illa, no seu artigo 2.

D. Ente público básico no que se divide o Estado español, no seu artigo 1.

31.- De conformidade co artigo 6 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, cal das seguintes respostas é correcta?:

A. Os Tribunais exercen o control de legalidade dos acordos e actos das entidades locais.

B. A Provincia e, no seu caso, a Illa gozan, asemade, de idéntica autonomía para a xestión dos intereses respectivos.

C. Os Municipios son Entidades básicas da organización territorial do Estado que non xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividadeas.

D. A Provincia e, no seu caso, a Comunidade Autónoma gozan, asemade, de idéntica autonomía para a xestión dos intereses respectivos.

32.- Segundo o artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, cal das seguintes afirmacións relativas ás capacidades de intervención das Entidades locais é correcta?:

A. As Entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través de, entre outros, ordenanzas, regulamentos e bandos.

B. As Entidades locais poderán intervir na actividade dos cidadáns a través de, entre outros, bandos e regulamentos.

C. A actividade de intervención das Entidades estatais axustarase, en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue.

D. Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.

33.- O artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a declaración de lesividade dos actos do Concello corresponde:

A. Ao Pleno municipal nos Concellos, e á asemblea veciñal no réxime de Concello Aberto.

B. Ao Alcalde a través da Comisión de Goberno.

C. Ao presidente da Corporación en todo caso.

D. Á Xunta de Goberno Local en todo caso.

34.- O artigo 70 Bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. Estas iniciativas deberán ir asinadas por:

A. Desde 5.000 habitantes, o 20 por cento.

B. A partir de 20.001 habitantes, o 20 por cento.

- C. De 5.001 a 20.000 habitantes, o 10 por cento.
- D. Ata 5.000 habitantes, o 20 por cento.

35.- Segundo o artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- A. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de construción e uso dos terreos.
- B. A licenza urbanística e a declaración responsable teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
- C. As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística, estarán suxeitas a licenza municipal.
- D. En ningún caso poderán presentarse comunicacións previas de primeira ocupación parciais.

36.- Cal das seguintes afirmacións é correcta, dacordo co artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia?:

- A. Para o outorgamento da licenza solicitada non serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- B. En todo caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.
- C. As peticións de licenza resolveranse no prazo de trinta días, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- D. Ás solicitudes de licenza que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá aportarse proxecto básico redactado por un técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

37.- En base ao artigo 1.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, son fundamentos de actuación dos empregados públicos:

- A. Obxectividade, profesionalidade e imparcialidade no servizo garantidas coa inamabilidade na condición de funcionario de carreira.
- B. Obxectividade, profesionalidade e imparcialidade no servizo garantidas coa mobilidade na condición de funcionario de carreira.
- C. As actuacións dos funcionarios estarán sometidas aos intereses dos mesmos.
- D. O emprego público depende da administración á que pertence.

38.- Que artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece literalmente o “Concepto e clases de empregados públicos”:

- A. Artigo 9 do RDL 5/2015.
- B. Artigo 8 do RDL 5/2015.
- C. Artigo 2 do RDL 5/2015.
- D. Artigo 14 do RDL 5/2015.

39.- Segundo a Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corps de Seguridade, no seu artigo 3:

**1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO
UNITARIO ESCALA BÁSICA DE POLICÍA LOCAL
(DOGA 125, DO 02 DE XULIO DE 2025)**

A. Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade axustarán a súa actuación ao principio de colaboración recíproca e a súa coordinación efectuarase a través dos órganos que para ese efecto establece esta Lei

B. Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade axustarán a súa actuación ao principio de cooperación recíproca e a súa coordinación efectuarase a través dos órganos que para ese efecto establece esta Lei

C. Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade axustarán a súa actuación ao principio de cooperación recíproca e a súa cooperación efectuarase a través dos órganos que para ese efecto establece esta Lei

D. Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade axustarán a súa actuación ao principio de cooperación recíproca e a súa colaboración efectuarase a través dos órganos que para ese efecto establece esta Lei

40.- Segundo a Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, os principios básicos de actuación regúlanse no:

A. Título I, capítulo I, artigo 5

B. Título II, capítulo I, artigo 5

C. Título II, capítulo II, artigo 5

D. Título I, capítulo II, artigo 5

41.- Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, non lle corresponde á Garda Civil as competencias en:

A. A investigación e persecución dos delitos relacionados coa droga

B. As derivadas da lexislación vixente sobre armas e explosivos

C. A vixilancia do tráfico, tránsito e transporte nas vías públicas interurbanas

D. A custodia de vías de comunicación terrestre, costas, fronteiras, portos, aeroportos e centros e instalacións que polo seu interese requíranos

42.- Segundo o artigo 17 da Lei 4/2007 do 20 de Abril de Coordinación de Policías Locais, cal é unha competencia da comisión de coordinación das Policías Locais:

A. Establecer as medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, así como determinar o sistema de información que asegure a efectividade das mesmas

B. Proponer aos órganos competentes en materia de Policía local das distintas administracións públicas a adopción de cantas medidas estime oportunas para mellorar a prestación dos servizos policiais, a formación e o perfeccionamento uniforme do persoal e a homoxeneización dos recursos técnicos e materiais á súa disposición

C. Aprobar a programación dos cursos básicos, de promoción interna e de formación que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública

D. Emitir informe sobre as disposicións xerais que, en materia de policía local, diten os distintos órganos da Xunta de Galicia e as corporacións locais

43.- Segundo o artigo 18 da Lei 4/2007 do 20 de Abril de Coordinación de Policías Locais, de cuantos membros componse a comisión de coordinación de Policías Locais de Galicia:

A. Presidente, vicepresidente, 21 vogais e secretario

B. Presidente, vicepresidente, 20 vogais e secretario

C. Presidente, vicepresidente, 22 vogais e secretario

D. Presidente, vicepresidente, 19 vogais e secretario

44.- Segundo o artigo 71 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que se entende por venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública:

A. Aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida

B. Aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións

C. Aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares

D. Aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados

45.- Segundo o artigo 72 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, cal non será un requisito inescusable para a concesión da autorización de venda ambulante:

A. As persoas físicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa

B. Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras

C. Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos

D. Dispoñer de seguro de responsabilidade civil

46.- Segundo o artigo 5 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia é competencia municipal:

A. Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e as actividades deportivas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario

B. Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación coa apertura de establecementos pechados ao público

C. Incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores por infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas que non sexan de competencia autonómica conforme ao disposto no artigo 4

D. Exercer as funcións de inspección e control nos termos previstos no título V

47.- Segundo o artigo 158.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, considérase infracción grave:

A. A realización de obras de urbanización sen a previa aprobación do plan e proxecto de urbanización esixibles

B. O incumprimento das ordes de execución ou demolición

C. O incumprimento das condicións de edificación establecidas na presente lei para o chan rústico e a realización de actividades sen o preceptivo título habilitante municipal ou sen autorización autonómica, cando esta sexa esixible de acordo con a presente lei, ou incumprindo as súas condicións

D. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que se achega ou consta na comunicación previa

48.- Segundo o artigo 159.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, as sancións urbanísticas prescribirán:

A. As sancións urbanísticas impostas por faltas moi graves prescribirán aos cinco anos, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas leves ao ano

B. As sancións urbanísticas moi graves tipificadas no artigo 158.2, apartado a), prescribirán aos quince anos; as graves e as moi graves tipificadas no artigo 158.2, apartados b), c) e d), aos seis anos; e as leves, aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade

C. As sancións urbanísticas impostas por faltas moi graves prescribirán aos cinco anos, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas leves aos 2 anos

D. As sancións urbanísticas moi graves tipificadas no artigo 158.2, apartado a), prescribirán aos quince anos; as graves e as moi graves tipificadas no artigo 158.2, apartados b), c) e d), aos cinco anos; e as leves, aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade

49.- Segundo o artigo 26.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, que actuacións están prohibidas en núcleo rural:

A. As parcelacións que non determinen a configuración da tipoloxía do núcleo

B. Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar

C. A apertura de pistas, rúas ou camiños que estean previstos no plan, así como a ampliación dos existentes e a derriba de muros tradicionais dos barrios ou carreiros, salvo disposición do plan que o autorice

D. As naves agrícolas

50.- Segundo o artigo 12.1 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia será competencia do Presidente da Xunta:

A. Exercer a potestade de substitución das entidades locais nos casos e termos contemplados na presente lei, especialmente no artigo 28

B. Fixar as directrices da política de prevención e autoprotección

C. Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos na presente lei

D. Promover as fórmulas de cooperación transrregional e transfronteiriza que resulten precisas para a prevención dos riscos e a xestión das emerxencias comúns nestes ámbitos

51.- Segundo o artigo 20 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia o Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias estará composto por:

A. Unha presidencia, unha vicepresidencia, a xerencia, dezasete vogalías e unha secretaría

B. Unha presidencia, unha vicepresidencia, a xerencia, dezaseis vogalías e unha secretaría

C. Unha presidencia, unha vicepresidencia, a xerencia, quince vogalías e unha segregaría

D. Unha presidencia, unha vicepresidencia, a xerencia, dezaioito vogalías e unha secretaría

52.- A tergo do artigo 21.5ª do Código penal é circunstancia atenuante:

A. A dilación extraordinaria e indebida na tramitación do procedemento, sempre que non sexa atribuíble ao propio inculpado e que non garde proporción coa complexidade da causa.

B. A de proceder o culpable, antes de coñecer que o procedemento xudicial se dirixe contra él, a confesar a infracción ás autoridades.

C. A de proceder o culpable para reparar o dano ocasionado á vítima, ou diminuír os seus efectos, en calquera momento do procedemento e con anterioridade á celebración do acto do xuízo oral.

D. A de actuar o culpable por mor da súa grave adicción ás substancias mencionadas no número 2.º do artigo anterior.

53.- A tergo do artigo 22.5ª do Código penal, é circunstancia agravante:

A. Actuar con asañoamento, aumentando deliberada e inhumanamente a dor do ofendido.

B. Aumentar deliberada e inhumanamente o sufrimento da vítima, causando a esta padecementos innecesarios para a execución do delito.

C. Executar o feito mediante prezo, recompensa ou promesa.

D. Actuar con aleivosía ou por prezo, recompensa ou promesa; con asañoamento, aumentando deliberada e inhumanamente a dor do ofendido ou para facilitar a comisión doutro delito ou para evitar que se descubra.

54.- A tergo do artigo 23 do Código Penal:

A. É circunstancia que pode atenuar a responsabilidade, segundo a natureza da relación, os motivos do actuar e os efectos ou consecuencias do delito cometido, ser ou ter sido o prexudicado cónxuxe ou persoa que estea ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou ser ascendente, descendente ou irmán por natureza do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivente.

B. É circunstancia que pode atenuar a responsabilidade, segundo a natureza da relación, os motivos do actuar e os efectos ou consecuencias do delito cometido, ser ou ter sido o prexudicado cónxuxe ou persoa que estea ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou ser ascendente, descendente ou irmán por natureza do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivente, sempre que exista convivencia.

C. É circunstancia que pode atenuar ou agravar a responsabilidade, segundo a natureza da relación, os motivos do actuar e os efectos ou consecuencias do delito cometido, ser ou ter sido o prexudicado cónxuxe ou persoa que estea ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou ser ascendente, descendente ou irmán por natureza do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivente, sempre que exista convivencia.

D. É circunstancia que pode atenuar ou agravar a responsabilidade, segundo a natureza, os motivos e os efectos do delito, ser ou ter sido o agraviado cónxuxe ou persoa que estea ou estivese ligada de forma estable por análoga relación de afectividade, ou ser ascendente, descendente ou irmán por natureza ou adopción do ofensor ou do seu cónxuxe ou convivente.

55.- A tergo do artigo 511.2 do Código penal:

A. As mesmas penas serán aplicables cando os feitos se cometan contra unha asociación, fundación, sociedade ou corporación ou contra os seus membros por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a pertenza dos seus membros ou dalgún deles a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.

B. Incorrerá na pena de prisión de seis meses a dous anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a tres anos o particular encargado dun servizo público que denegue a unha persoa unha prestación á que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade.

C. Os funcionarios públicos que cometan algún dos feitos previstos neste artigo, incorrerán nas mesmas penas na súa metade superior e na de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dous a catro anos.

D. En todos os casos se imporá ademais a pena de inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre, por un tempo superior entre un e tres anos ao da duración da pena imposta se esta fóra de privación de liberdade, cando a pena imposta fóra de multa, a pena de inhabilitación especial terá unha duración dun a tres anos. En todo caso se atenderá proporcionalmente á gravidade do delito e ás circunstancias que concorran no delincente.

56.- A tergo do artigo 512 do Código penal:

A. Son punibles as reunións ou manifestacións ilícitas, e teñen tal consideración: 1.º As que se celebren co fin de cometer algún delito. 2.º Aquelas ás que concorran persoas con armas, artefactos explosivos ou obxectos contundentes ou de calquera outro modo perigoso.

B. Quen no exercicio das súas actividades profesionais ou empresariais denegaren a unha persoa unha prestación á que teña dereito por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa situación familiar, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, o seu sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, razóns de xénero, de aporofobia ou de exclusión social, a enfermidade que padeza ou a súa discapacidade, incorrerán na pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio e inhabilitación especial para profesión ou oficio educativos, no ámbito docente, deportivo e de tempo libre por un período dun a catro anos.

C. Son punibles as reunións ou manifestacións ilícitas, e teñen tal consideración: 1.º As que se celebren co fin de cometer algún delito ou provoquen unha grave alteración da orde pública. 2.º Aquelas ás que concorran persoas con armas de fogo, artefactos explosivos, obxectos contundentes ou calquera outro elemento ou artefacto que sexa perigoso para a seguridade pública.

D. Son punibles as reunións ou manifestacións ilícitas e, teñen tal consideración, aquelas que se celebren co fin de cometer delitos ou provoquen unha grave alteración da orde pública.

57.- A tergo do artigo 550.2 do Código penal:

A. Os atentados serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de doce a vinte e catro meses se o atentado fóra contra autoridade e de prisión dun a catro anos nos demais casos.

B. En todo caso, serán considerados actos de atentado os cometidos contra os funcionarios docentes ou sanitarios que se atopen no exercicio das funcións propias do seu cargo, ou con ocasión delas.

C. Os atentados serán castigados coas penas de prisión dun a catro anos e multa de tres a seis meses se o atentado fóra contra autoridade e de prisión de seis meses a tres anos nos demais casos.

D. Son reos de atentado os que agrediran ou, con intimidación grave ou violencia, opuxeran resistencia grave á autoridade, aos seus axentes ou funcionarios públicos, ou os acometeran, cando se atoparan no exercicio das funcións dos seus cargos ou con ocasión delas.

58.- A tergo do artigo 553 do Código penal:

A. Os feitos descritos nos artigos 550 e 551 serán tamén castigados coas penas expresadas neles cando se cometeran contra un membro das Forzas Armadas que, vestindo uniforme, estivese a prestar un servizo que lle fose legalmente encomendado.

B. A provocación, a conspiración e a proposición para calquera dos delitos previstos nos artigos anteriores, será castigada coa pena inferior nun ou dous graos á do delito correspondente.

